Sofía Casanova faleceu, tras unha longa, fecunda e difícil vida, en 1958, nunha Polonia entón ocupada polos soviéticos. Cumpríanse así, no 2008, os cincuenta anos da morte dunha galega excepcional, como o lector poderá comprobar nos traballos contidos neste volume. O Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento», atento aos acontecementos significativos da nosa cultura, non podía deixar pasar unha data tan sinalada.

E afortunadamente non o fixo, pero hai que salientar, ía dicir que con sorpresa, aínda que non tanta, que foi a única institución que organizou algo significativo nesa efeméride. Non deixa de ser un síntoma de falta de visión histórica, tamén por parte de institucións creadas para manter a memoria das xentes e da cultura galegas, que escritoras como Sofía Casanova ocupen hoxe un lugar tan pequeno no recordo colectivo. Pero, e isto é o grave, máis en Galicia que fóra dela. Novas edicións da obra de Casanova —novelas e crónicas xornalísticas, sobre todo— viron a luz nestes últimos anos, e tamén no 2008, pero ningunha en editoriais galegas. O mesmo habería que dicir de recentes estudos e biografías sobre ela, publicadas por universidades americanas ou inglesas. Por iso, cando Antón Pazos, vicedirector do noso Instituto, organizou un ciclo de conferencias para conmemorar o medio século do pasamento de Sofía Casanova pareceume non só oportuno, senón necesario. O ciclo reuniu a especialistas, realmente a nivel mundial, sobre a vida e obra de Casanova. Baste mencionar algunhas das participantes para comprobalo.

Rosario Martínez é, sen dúbida, a especialista galega sobre Casanova, en sentido amplo. A súa biografía —*Sofía Casanova. Mito y literatura*— será moi dificilmente superable e supón unha grande achega de datos sobre a traxectoria da biografada, tanto en España como en Polonia, onde tratou e coñeceu

a todos os descendentes de Casanova, que lle subministraron informacións de primeira man descoñecidas ata entón. Pero, aínda que para outros a súa inxente biografía significase un termo, para a Dra. Martínez foi unha base —fundada e ampla— para seguir investigando sobre a nosa autora. Proba diso é o premio Pérez Lugín que recibiu no 2007 por un artigo sobre Casanova. No traballo que aquí se recolle profunda na vida íntima e intelectual de Casanova a través da súa correspondencia con Blanca de los Ríos, inseríndoa así na interesante constelación de mulleres intelectuais do cambio de século español. E fai unha sinalada achega ao ofrecernos os textos desa correspondencia.

Olga Osorio, xornalista e profesora de ciencias da información, traballou desde fai moitos anos nun aspecto concreto da produción de Casanova, como é a súa actividade xornalística. É tamén unha das mellores coñecedoras en Galicia da súa obra escrita e unha notable bibliófila, que recolleu nos últimos tempos numerosas e raras edicións casanovianas. Na colaboración que presenta neste volume sitúa a Casanova entre as máis esgrevias pioneiras do xornalismo de guerra, algo que nunca salientaremos suficientemente. Máis aínda tendo en conta que Sofía Casanova escribe sempre «desde dentro», por dicilo así, cun coñecemento infinitamente máis profundo da sociedade e da repercusión do que está describindo que a maioría das e dos correspondentes de guerra pasados e, case con seguridade, futuros.

De Kirsty Hooper hai que dicir que non só é unha das poucas especialistas británicas en lingua galega e en traballos sobre o feminismo literario español, senón que é unha investigadora punteira sobre Sofía Casanova. A súa biografía *A Stranger in My Own Land*, cuxo subtítulo centra perfectamente o contexto: *Sofía Casanova, a Spanish Writer in the European Fin de Siècle*, é un paso cualitativo nos estudos sobre esta autora, inseríndoa no mundo de escritoras españolas —das máis de 450 que Hooper leva recollidas nas súas pesquisas—, moito máis activas e visibles socialmente a finais do século XIX que a principios do século XX, contra todo prognóstico.

A coñecida escritora e poetisa galega Carmen Blanco ofrécenos unha suxerente comparanza entre dúas mulleres case antitéticas, en canto aos principios, como son Sofía Casanova e Emma Goldman, analizando as visións —e as crónicas— de ámbalas dúas sobre a revolución rusa. Dende logo, os textos de Casanova serían moito máis coñecidos a nivel internacional se a súa autora non os publicase en castelán e, doutra banda, sorprende ver a maior clarividencia política que amosa Sofía Casanova sobre o papel dos distintos actores da revolución.

Para rematar, o marco histórico e vital de Casanova dánnolo os traballos do profesor Bak e do propio Antón Pazos. O Dr. Pazos ofrece unha achega á antropoloxía de Casanova, que nos amosa as convicciónns fundantes da autora, pero tamén a dureza —afectiva e vital— que lle supuxo sempre a fidelidade ao que ela consideraba o seu deber, malia que desconcertase a propios e alleos, entón e agora.

O Dr. Gregorio Bak, polaco en España e especialista en linguas eslavas, foi sen dúbida a mellor opción para analizar a tráxica historia da Polonia que coñeceu Casanova. Desde a ocupación estranxeira —rusa, prusiana e austríaca— á independencia —na que tivo tanto que ver a familia e o entorno de Sofía— pasando polas dúas guerras mundiais e as dúas durísimas ocupacións —nazi e soviética— a historia polaca resulta enormemente instructiva para os europeos do século XXI.

Todo ese conxunto de traballos complementouse, nese ano 2008, cunha exposición bibliográfica sobre Sofía Casanova, de notable interese xa que puideron verse edicións moi valiosas, desde os seus primeiros poemas en traballos colectivos ás últimas edicións, pasando por novelas galegas, colecciónns de artigos ou contos ilustrados para nenos, que levaron aos asistentes desde a Galicia, tan familiar aínda que xa descoñecida de finais do século XIX, aos afastados países do Leste, entón aínda non separados do resto de Europa como sucedería trala Segunda Guerra mundial, pero decididamente afastados, países que os escritos de Casanova achegaron ao público español.

Non quero rematar esta introdución sen agradecer, por suposto, a Antón Pazos a iniciativa, así como a aqueles que tan eficazmente contribuíron á organización do ciclo, singularmente Rosario Valdés e Carlos Andrés González Paz, ámbolos dous do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento». O meu agradecemento esténdese, inútil é dicilo, a todos os autores que aceptaron colaborar na articulación deste interesante libro, así como a Rita Martín, da Universidade de Santiago de Compostela, que seleccionou e presentou un ciclo de cinema histórico sobre a época de Casanova, a Isabel Romaní da biblioteca do IEGPS e a Olga Osorio, pola súa achega tan xenerosa para a exposición bibliográfica e, moi singularmente, a Marta González, Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia pola súa colaboración, imprescindible para que todas estas actividades puidesen realizarse e este volume saír do prelo.